

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 27/05/2021 11:40:40


SAIDA 8315/21




Reclamante: 
Expediente. Nº RSCTG 48/2021

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por , mediante escrito do 4 de maio de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 25 de maio de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 4 de maio de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante a Consellería de Sanidade ás actas das reunións celebradas desde a súa creación pola Comisión de xestión da crise sanitaria da Covid-19 da Xunta de Galicia e aos documentos cos que esa comisión traslada os seus acordos, recomendacións, informes ou resultados das súas reunións ás autoridades da Consellería de Sanidade ou de calquera outro departamento da Xunta de Galicia.

O reclamante indicaba que non tivo resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, do seu DNI.

Segundo. Con data do 5 de maio de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 7 de maio de 2021 a Consellería de Sanidade contesta a petición, informando que con data do 6/05/2021 resolveuse, de xeito motivado, inadmitir a trámite a solicitude formulada por considerar que non se trata dun suposto de información pública tal e como se define no artigo 13 da Lei 19/2013, de 9 de decembro.

A inadmisión fundaméntase en que de acordo co disposto no artigo 78.5 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde Pública de Galicia, o Conselleiro de Sanidade ten a facultade de designación de persoas para prestar asesoramento, individualmente ou integrado en grupos de traballo, en materias específicas relacionadas coa asistencia e organización sanitarias, a saúde pública ou calquera outra materia de interese sanitario, en particular en para a xestión de crises sanitarias e na adopción de medidas preventivas axeitadas para o control de enfermidades transmisibles.

O comité clínico ao que se refire o interesado constitúe un órgano de asesoramento especializado integrado por diferentes profesionais cualificados para a xestión da crise sanitaria orixinada pola actual pandemia e a súa función é asesorar á Administración na adopción das medidas preventivas para facer fronte á actual crise sanitaria que se plasman en diferentes decretos da Xunta de Galicia, e nas ordes de desenvolvemento ditadas pola Consellería de Sanidade que son publicadas na web do Servizo Galego de Saúde.

Dado que o comité clínico é un órgano de asesoramento, e non un órgano colexiado, non se prevé a necesidade de levantar actas das súas sesións, nin tampouco elabora os acordos ou os informes que cita o interesado na súa solicitude.

O Comité asesora en base á información de carácter auxiliar xerada no seo da propia organización administrativa, tendo en conta os datos epidemiolóxicos e a incidencia da pandemia, que manexa a Consellería de Sanidade, datos que se atopan dispoñibles na web con carácter acumulado desde o inicio da pandemia, sendo actualizados diariamente.

Con toda esta información epidemiolóxica, o Comité Clínico realiza unha avaliación das posibles actuacións e o resultado desa avaliación é o que queda plasmado na exposición de motivos dos decretos referenciados, constituíndo o fundamento técnico das medidas que finalmente son adoptadas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse

unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se

toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Sanidade non resolveu dentro do prazo ordinario dun mes que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, polo que procede admitir a reclamación presentada con data do 4 de maio de 2021.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou á Consellería de Sanidade acceso ás actas das reunións celebradas desde a súa creación pola Comisión de xestión da crise sanitaria da Covid-19 da Xunta de Galicia e aos documentos cos que esa comisión traslada os seus acordos, recomendacións, informes ou resultados das súas reunións ás autoridades da Consellería de Sanidade ou de calquera outro departamento da Xunta de Galicia.

A Consellería, se ben non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo que a Lei establece, ditou resolución expresa o 6 de maio de 2021, unha vez que o interesado xa tiña presentada reclamación ante esta Comisión (4 de maio de 2021).

A Consellería de Sanidade na resolución pola que se resolve a solicitude, a inadmite en base a que o Comité Clínico, de acordo co disposto na citada Lei 18/2008 de Saúde de Galicia, é un órgano de carácter asesor e non un órgano colexiado, polo que non levanta actas das súas sesións, nin elabora os acordos nin os informes que cita o interesado na súa solicitude.

De acordo coa definición de información pública da Lei galega 1/2016, e da Lei básica estatal 19/2013, as solicitudes de acceso deben estar baseadas en información xa existente e dispoñible, en poder dun organismo ou entidade suxeita á Lei, no momento no que se produce a solicitude e ademais, debe ser información elaborada ou adquirida no exercicio das súas competencias.

No marco dunha solicitude de acceso á información, cando se solicita unha información ou unha documentación que non existe, ben por que non se elaborou (aínda que fose obrigatorio facelo pola normativa que lle sexa de aplicación) ou ben simplemente porque non é necesario ou non é posible elaborala porque non se dan as circunstancias para facelo, o suxeito obrigado cumpre, indicando ao solicitante con claridade, que a información solicitada non existe. De acordo co anterior, ante a afirmación por parte da Consellería, tanto na resolución ditada como no informe remitido a esta Comisión, de que o Comité Clínico non levanta actas das súas sesións, nin elabora os acordos nin os informes que cita o interesado na súa solicitude, débese entender que a resposta dada á solicitude é axeitada.

O anterior, non impide que o interesado se o estima convinte, presente reclamación ante esta Comisión fronte á resolución expresa ditada pola Consellería con data do 6 de maio de 2021, e na tramitación da mesma poidan ser analizados os seus argumentos, ditándose a resolución que corresponda.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar por motivos formais a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 4 de maio de 2021, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante a Consellería de Sanidade ás actas das reunións celebradas desde a súa creación pola Comisión de xestión da crise sanitaria da Covid-19 da Xunta de Galicia e aos documentos cos que esa comisión traslada os seus acordos, recomendacións, informes ou

resultados das súas reunións ás autoridades da Consellería de Sanidade ou de calquera outro departamento da Xunta de Galicia.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,
Firmado digitalmente por 76706870F
MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)
Fecha: 2021.05.27 10:35:41 +02'00'
María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.